Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE AMOR BARREIRO SANTIAGO VICENTE - NIF 33301156P, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.023.517.204, Fecha de emisión de la firma: 7/10/14 18:37
Código de integridad (alg. SHA-256): 0b5ab56d9ada17452c2838313f2deb8e7fef5d09011d5df3f20d095c050e09ee0
Página 1 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: PRADA QUEIPO, ROSA ANA (FIRMA). Emisor del certificado: AC DNIE 003. Número de serie del certificado firmante: 1.169.834.487, Fecha de emisión de la firma: 3/10/14 12:38
Código de integridad (alg. SHA-256): 3e72894501b996e29806936b81eb3ed952a7c4dedd23bec99331df31c8054d4
Página 1 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.

C.I.F.: P – 1500200 – I

Concello de AMES

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2014.-

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-.....3

PUNTO SEGUNDO.- TERMINACIÓN DO PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA CORRESPONDENTE Á TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.-.....3

PUNTO TERCEIRO.- INICIO DO PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA CORRESPONDENTE Á TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.-.....3

PUNTO CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.-.....3

PUNTO QUINTO.- APROBACIÓN DO CENSO DE ALUMNOS/AS DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS O BOSQUE E A MADALENA, OUTUBRO 2014.-.....6

PUNTO SEXTO.- APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EDUCATIVOS E DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL CORRESPONDENTE A SETEMBRO LÚDICO 2014.-.....6

PUNTO SÉTIMO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUERIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES NON DELEGADAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-.....7

PUNTO OITAVO.- LICENZA PARA POSTA EN MARCHA E FUNCIONAMENTO DA ACTIVIDADE DE CIRCUITO DE SUPERCROSS.-.....8

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE AMOR BARREIRO SANTIAGO VICENTE - NIF 33301156P, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.023.517.204, Fecha de emisión de la firma: 7/10/14 18:37
Código de integridad (alg. SHA-256): 0b5ab56d9ada17452c2838313f2deb8e7fef5d0901d5df3f20d095c050e09ee0
Página 2 de un total de 9 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: PRADA QUEIPO, ROSA ANA (FIRMA), Emisor del certificado: AC DNIE 003, Número de serie del certificado firmante: 1.169.834.487, Fecha de emisión de la firma: 3/10/14 12:38
Código de integridad (alg. SHA-256): 3e72894501b996e2980d6936b81eb3ed952a7c4dedd23bec99331df31c8054d4
Página 2 de un total de 9 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE AMOR BARREIRO SANTIAGO VICENTE - NIF 33301156P, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.023.517.204, Fecha de emisión de la firma: 7/10/14 18:37
Código de integridad (alg. SHA-256): 0b5ab56d9ada17452c2838313f2deb8e7fef5d09011d5df3f20d095c050e09ee0
Página 3 de un total de 9 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: PRADA QUEIPO, ROSA ANA (FIRMA), Emisor del certificado: AC DNIE 003, Número de serie del certificado firmante: 1.169.834.487, Fecha de emisión de la firma: 3/10/14 12:38
Código de integridad (alg. SHA-256): 3e72894501b996e29806936b81eb3ed952a7c4dedd23bec99331df31c8054d4
Página 3 de un total de 9 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Concello de AMES

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2014.-

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as trece horas (13:00 h) do día dous (2) de outubro de dous mil catorce (2014), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, Santiago V. Amor Barreiro, e coa asistencia dos tenentes de alcalde, Bernardo Moar Míguez, Alfredo Taboada Alvelo e Mª Carmen Verde Leboráns.

Non asiste, pero xustifica a súa ausencia, María Eugenia Martín Vicente.

Actúa de **secretaria** a titular Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular ás actas das sesións anteriores, a correspondente á sesión ordinaria do 19 de setembro e a extraordinaria do 26 de setembro, e que foron distribuídas con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobadas as actas por unanimidade.

PUNTO SEGUNDO.- TERMINACIÓN DO PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA CORRESPONDENTE Á TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA

Á vista dos informes da Tesouraría municipal obrantes nos correspondentes expedientes, termínanse 56 procedementos de comprobación limitada correspondentes á taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, aprobándose por unanimidade dos membros presentes, as propostas de resolución contidas nos informes da Tesouraría municipal de arquivo en 49 expedientes por ter falecido o interesado, motivo polo que as actuacións deben dirixirse aos seus sucesores e de declaración de caducidade do procedemento para 7 expedientes motivado en que ten transcorrido o prazo máximo regulado ni artigo 104 da Lei Xeral Tributaria sen que se teña notificado resolución expresa.

Os expedientes para os que se resolve a terminación son os que figuran como anexo I deste acta.

PUNTO TERCEIRO.- INICIO DO PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA CORRESPONDENTE Á TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA

Á vista dos informes da Tesouraría municipal obrantes nos correspondentes expedientes que incorporan proposta de liquidación provisional, iníciánse 172 procedementos de comprobación limitada correspondentes á taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, aprobándose por unanimidade dos membros presentes, as propostas de resolución de acordo coas propostas contidas nos informes da Tesouraría municipal

Os expedientes para os que se resolve o inicio do procedemento de comprobación limitada son os que figuran como anexo II deste acta.

PUNTO CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.-

Polo señor presidente dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte solicitude de licenza de obra maior e dos seus respectivos informes favorables, técnico e xurídico, que obran no expediente da súa razón.

Comprobando que cumpren co establecido nos art. 194 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de

decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, (LOUGA) e co Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ames, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde polo Decreto 751/2011, por unanimidade dos seus membros, acorda concede-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

En relación aos prazos para execución das obras, o prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza non podendo interromperse as obras por tempo superior a 6 meses. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención da prórroga do prazo para comezar as obras non comporta a prórroga do prazo de terminación daquelas.

Deberanse cumprir tanto as condicións específicas como as xerais que se fan figurar na notificación da concesión da licenza.

1.- A solicitada por **Mª José Rodríguez Vázquez**, con DNI 32.665.088-M, para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Lombao, parroquia de Covas, na parcela con referencia catastral 9888749NH2498N0001XQ.

Conta con informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 8 de setembro de 2014, a cuxas especificacións deberá axustarse.

Expediente nº 2014/U008/000013

- O presuposto segundo o proxecto é de 55.000,00 euros.

En aplicación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas e pola expedición e subministro de cartel de obra aboáronse as taxas por un importe de 193,71 euros.

Descrición das obras:

- Vivenda unifamiliar aislada en planta baixa, edificación auxiliar e peche.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (Decreto 751/2011), acorda:

Primeiro.- Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, a licenza de obra maior solicitada por **Mª José Rodríguez Vázquez**, con DNI 32.665.088-M, para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e peche nunha parcela localizada no lugar de Lombao, parroquia de Covas, referencia catastral 9888749NH2498N0001XQ segundo o proxecto redactado polo arquitecto don Alfredo Garrote Pazos, (COAG Nº 1440).

Segundo.- A eficacia da licenza concedida quedará supeditada as seguintes condicións:

-As sinaladas no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 8 de setembro de 2014, rexistro de entrada 11276 de 12 de setembro de 2014.

As sinaladas nos informes técnico e xurídico:

Antes do inicio das obras:

- Presentará o proxecto de execución asinado polo técnico competente e visado polo Colexio profesional que corresponda, así como o nomeamento do director de execución e coordinador de seguridade e saúde.

- Presentarase aval ou fianza pola cantidade de **2.330,00 euros**, e asemade compromiso de execución simultánea da urbanización e da edificación así como de non utilizar a construción ata que non se conclúa a obra de urbanización.

Na execución das obras:

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE AMOR BARREIRO SANTIAGO VICENTE - NIF 33301156P, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.023.517.204, Fecha de emisión de la firma: 7/10/14 18:37
Código de integridad (alg. SHA-256): 0b5ab56d9ada17452c2838313f2deb8e7ef5d09011d5df3f20d095c050e09ee0
Página 4 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: PRADA QUEIPO, ROSA ANA (FIRMA). Emisor del certificado: AC DNIE 003. Número de serie del certificado firmante: 1.169.834.487, Fecha de emisión de la firma: 3/10/14 12:38
Código de integridad (alg. SHA-256): 3e72894501b996e29806936b81eb3ed952a7c4dedd23bec99331df31c8054d4
Página 4 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.

-Conectará cos servizos de saneamento e auga potable (sen conectar pluviais coas fecais) e acondicionará a ampliación de vial e chaflán, recuará a liña aérea no fronte e reporá o deteriorado segundo o entorno.

- A obra deberá axustarse ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza.

- Cando o director dunha obra deixe de actuar nela poñeralo en coñecemento do Concello. O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello novo facultativo director da obra.

- En todos os casos disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.

- Ao remate das obras o propietario porao en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

-Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

- Haberá un valo de protección de ao menos dous metros de altura, constituído por materiais que ofrezan seguridade, conservación e bo aspecto, situado á distancia que sinalen os servicios técnicos de urbanismo do Concello. En calquera caso permitirase o paso de peóns. No caso de que, por imposibilidade manifesta, non se poda deixar libre a zona de beirarrúa, instalarase una nova con materiais resistentes, co piso elevado do pavimento existente, cunha rampla de acceso e baixada, varandas de protección, viseira pola parte superior e sinalización lumínica e visual en ámbolos dous extremos que garantan a seguridade dos peóns. Poñeranse luces de sinalización en cada ángulo do valo. A instalación é provisional durante o tempo que duren as obras, debéndose suprimir e deixar a beirarrúa libre e en condicións o caso de paralización destas por un período superior a seis meses.

- Os vehículos especialmente cando se incorporen á vía pública procedentes de obras, desterres ou terreos de labranza, adoptarán as medidas necesarias para manter as vías limpas de terra, barro ou outros materiais, obxectos e aparellos. Así mesmo deberán adoptar as medidas pertinentes relativas a seguridade vial previstas nas normas de circulación e aquelas que no seu caso lle foran ordenadas polos axentes da autoridade.

- Requiriran a obtención de autorización específica:

Operacións realizadas fora do horario de carga e descarga

Cando polas características do vehículo non estea autorizado a circular pola zona

- Terase a disposición do persoal do Concello exemplares dos planos selados e aprobados, así como da licenza expedida.

<u>Outras</u>

- Acondicionará a zona de cesión para ampliación de viais, e reporá os deterioros ocasionados segundo o contorno.

- Formalizarase ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación no mesmo da modificación do inmoble derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Terceiro.- Autorizar a división dos terreos destinados a viais e espazos libres, cunha superficie de **62,60 m²** e aceptar a cesión dos mesmos, en pleno dominio e libre de cargas, condi-

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE AMOR BARREIRO SANTIAGO VICENTE - NIF 33301156P, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.023.517.204, Fecha de emisión de la firma: 7/10/14 18:37
Código de integridad (alg. SHA-256): 0b5ab56d9ada17452c2838313f2deb8e7fef5d09011d5df3f20d095c050e09ee0
Página 5 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.
Documento 1 de 1.Firmado por: PRADA QUEIPO, ROSA ANA (FIRMA). Emisor del certificado: AC DNIE 003. Número de serie del certificado firmante: 1.169.834.487, Fecha de emisión de la firma: 3/10/14 12:38
Código de integridad (alg. SHA-256): 3e72894501b996e29806936b81eb3ed952a7c4dedd23bec99331df31c8054d4
Página 5 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.

cionándose a presente licenza á formalización da cesión en documento público, que deberá achegarse coa solicitude de licenza de primeira ocupación.

Cuarto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de mil cen euros (1.100,00 euros).

PUNTO QUINTO.- APROBACIÓN DO CENSO DE ALUMNOS/AS DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS O BOSQUE E A MADALENA, OUTUBRO 2014.-

Polo departamento de Educación, dáse conta do censo de alumnos/as das escolas infantís municipais O Bosque e A Madalena, do mes de outubro de 2014, así como das tarifas que deben aboar.

O resumo é o seguinte:

Centro	Nº de nenos/as	Importe tarifas outubro 2014
Escola infantil municipal O Bosque	119	10.466,00 €
Escola infantil municipal A Madalena	83	7.505,70 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), presta aprobación aos referidos censos.

PUNTO SEXTO.- APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EDUCATIVOS E DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL CORRESPONDENTE A SETEMBRO LÚDICO 2014.-

Á vista do padrón da Taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral – **Setembro Lúdico** - correspondente ao mes de setembro de 2014, son un total de 141 rexistros, o importe da cal ascende á cantidade de catro mil catrocentos cinco euros con dez céntimos de euro (4,405,10 €); consta de 5 páxinas, se inicia por Abeledo Cajide, Mª Virtudes e remata por Zurrón Ocio, Montserrat.

Á Vista do informe – proposta de Tesourería de data 30/09/2014.

Á vista da base de execución do orzamento que di na súa base 29ª que en materia de ingresos públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a autorización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, en virtude do decreto de delegacións de alcaldía 751/2011, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente o padrón fiscal, cuxo resumo é o seguinte:

Servizo	**Setembro Lúdico 2014**
Período	Setembro
Nº Usuarios	141
O Padrón iníciase con	Abeledo Cajide, Mª Virtudes
O Padrón finaliza con	Zurrón Ocio, Montserrat
Nº páxinas	5
Cota tributaria íntegra	5.068,00 €
Cota tributaria líquida	4.405,10 €

Segundo: Proceder a exposición pública do dito padrón durante o prazo de 15 días, a contar

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE AMOR BARREIRO SANTIAGO VICENTE - NIF 33301156P, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.023.517.204, Fecha de emisión de la firma: 7/10/14 18:37
Código de integridad (alg. SHA-256): 0b5ab56d9ada17452c2838313f2deb8e7ef5d09011d5df3f20d095c050e09ee0
Página 6 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.
Documento 1 de 1.Firmado por: PRADA QUEIPO, ROSA ANA (FIRMA). Emisor del certificado: AC DNIE 003, Número de serie del certificado firmante: 1.169.834.487, Fecha de emisión de la firma: 3/10/14 12:38
Código de integridad (alg. SHA-256): 3e72894501b996e29806936b81eb3ed952a7c4dedd23bec99331df31c8054d4
Página 6 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE AMOR BARREIRO SANTIAGO VICENTE - NIF 33301156P, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.023.517.204, Fecha de emisión de la firma: 7/10/14 18:37
Código de integridad (alg. SHA-256): 0b5ab56d9ada17452c2838313f2deb8e7fef5d09011d5df3f20d095c050e09ee0
Página 7 de un total de 9 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: PRADA QUEIPO, ROSA ANA (FIRMA), Emisor del certificado: AC DNIE 003, Número de serie del certificado firmante: 1.169.834.487, Fecha de emisión de la firma: 3/10/14 12:38
Código de integridad (alg. SHA-256): 3e72894501b996e29806936b81eb3ed952a7c4dedd23bec99331df31c8054d4
Página 7 de un total de 9 página(s), Versión imprimible con información de firma.

dende o día seguinte ó da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos do Concello, prazo durante o cal o dito padrón estará a disposición dos interesados no Concello. De non terse presentado ningún escrito de reclamación dentro de dito prazo o Padrón quedará definitivamente aprobado.

Terceiro: Dar traslado á Tesourería e a oficina de recadación municipal, aos efectos oportunos.

PUNTO SÉTIMO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUERIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES NON DELEGADAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-

A mesa de contratación, constituída no procedemento de adxudicación do servizo para a colaboración na xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria do Concello de Ames non delegadas na Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o 1 de outubro de 2014, formulou proposta de clasificación por orden decrecente de puntuación da empresas admitida a licitación, de acordo todo elo co previsto no artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Publico.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Clasificar por orden decrecente de puntuación as empresas participantes declaradas admitidas no procedemento do seguinte xeito:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
Gestión tributaria territorial S.A.U	100

Segundo.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o licitador clasificado en primeiro lugar Gestión tributaria territorial S.A.U **,** con CIF B- A81957367 son as seguintes:

A.- Prezo: O importe da oferta do antedito licitador ascende ao seguinte prezo

a) servizo de colaboración na inspección 21% (sen IVE) da débeda descuberta por esta vía, ingresada e que adquirise firmeza.

b) Para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato: 79.000 €/ ano (sen IVE), así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

B. Duración do contrato: o Contrato terá unha duración máxima de execución de dous anos a contar dende a data de formalización do contrato, podendo prorrogarse anualmente mediante acordo expreso do órgano de contratación ata un máximo de catro anos.

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada..

No prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE AMOR BARREIRO SANTIAGO VICENTE - NIF 33301156P, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.023.517.204, Fecha de emisión de la firma: 7/10/14 18:37
Código de integridad (alg. SHA-256): 0b5ab56d9ada17452c2838313f2deb8e7ef5d09011d5df3f20d095c050e09ee0
Página 8 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: PRADA QUEIPO, ROSA ANA (FIRMA). Emisor del certificado: AC DNIE 003. Número de serie del certificado firmante: 1.169.834.487, Fecha de emisión de la firma: 3/10/14 12:38
Código de integridad (alg. SHA-256): 3e72894501b996e29806936b81eb3ed952a7c4dedd23bec99331df31c8054d4
Página 8 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.

imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:

A sinalada na cláusula 15 apartado 2 dos pregos de claúsulas administrativas particulares que rexeron a licitación

Asemade deberá achegar:

– Documento acreditativo de ter constituída (en calquera das formas establecidas nos artigos 96 e 98 do TRLCSP, nas condicións previstas no artigo 97 do mesmo texto legal) unha garantía definitiva por un importe de **25.439,15 euros** segundo se especifica na cláusula 6 dos pregos que rexeron para a licitación correspondente ao 5% do prezo de adxudicación de acordo co seguinte detalle:

	Servizo de colaboración Na inspección		**Para a colaboración No resto da materia**
	% Ofertado	**Importe estimado Da débeda**	**Importe ofertado**
	21	918.014,56	79.000,00
Importe	192.783,06		316.000,00
5% garantía	9.639,15		15.800,00
TOTAL GARANTÍA	**25.439,15**		

– Copia da Póliza de Responsabilidade Civil subscrita pola contía mínima de trescentos mil cincocentos seis euros establecida na cláusula 22 dos pregos.
– Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO OITAVO.- LICENZA PARA POSTA EN MARCHA E FUNCIONAMENTO DA ACTIVIDADE DE CIRCUITO DE SUPERCROSS.-

1.- **Expediente 917/2012**

A Xunta de Goberno Local de 22 de agosto de 2014 concedeu a **José Manuel García Moure** con NIF 33.283.192-F, licenza de obra e actividade para o acondicionamento da parcela coa referencia catastral número 15002A016002850000ZH situada no lugar de Vilar, parroquia de Ameixenda destinada a circuíto de supercross

O 17 de setembro de 2014, José Manuel García Moure con NIF 33.283.192-F, presenta documentación – certificación final das obras- para continuar coa tramitación do expediente.

O día 1 de outubro de 2014 o arquitecto técnico municipal, logo de xirar visita ás obras executadas, emite informe onde sinala que as obras axúntanse ao proxecto presentado e existente no expediente.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (Decreto 751/2011), acorda:

Primeiro.- Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, a **José Manuel García Moure,** con NIF 33.283.192-F, licenza para a posta en marcha e funcionamento da actividade de "**Circuíto de Supercross**", (número identificativo da actividade 2.3.3.), a desenvolver na parcela coa referencia catastral número 15002A016002850000ZH situada no lugar de Vilar, parroquia de Ameixenda, debendo cumprir durante o seu desenvolvemento tanto

as condicións especificadas na licenza de instalación da actividade, como a normativa relativa a este tipo de establecementos, sendo o aforo máximo permitido de 500 persoas.

Segundo.- As instalacións complementarias a actividade licenciada teñen carácter provisional e desmontables, polo que deberá ser comunicada ao Concello a organización de cada proba, xunto coa documentación que acredite que as ditas instalacións cumpren coas condicións de seguridade, solidez, hixiene e comodidade segundo a normativa aplicable.

Terceiro.- A presente licenza outorgase sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas legais ou regulamentarias que deban obterse de administracións diferentes da administración local.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde, don Santiago Vicente Amor Barreiro, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas e quince minutos, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE AMOR BARREIRO SANTIAGO VICENTE - NIF 33301156P, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.023.517.204, Fecha de emisión de la firma: 7/10/14 18:37
Código de integridad (alg. SHA-256): 0b5ab56d9ada17452c2838313f2deb8e7fef5d09011d5df3f20d095c050e09ee0
Página 9 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.
Documento 1 de 1.Firmado por: PRADA QUEIPO, ROSA ANA (FIRMA). Emisor del certificado: AC DNIE 003, Número de serie del certificado firmante: 1.169.834.487, Fecha de emisión de la firma: 3/10/14 12:38
Código de integridad (alg. SHA-256): 3e72894501b996e29800693 6b81eb3ed952a7c4dedd23bec99331df31c8054d4
Página 9 de un total de 9 página(s). Versión imprimible con información de firma.